

RESOLUCIÓN DE PROCEDIMENTO DE ACCESO A INFORMACIÓN RELATIVA AO GRUPO MINEIRO SANTA COMBA

Solicitante: Fundación Montescola

Nº de expediente: 2022T/00095

Grupo mineiro ao que afecta: Grupo Mineiro Santa Comba

ANTECEDENTES

1. Con data 04/02/2022 ten entrada no rexistro electrónico do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, con destino á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña unha solicitude presentada pola Fundación Montescola en relación co Grupo Mineiro Santa Comba que ten entrada na Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais a través do SIACI o día 08/02/2022 e na que se solicita a seguinte información:

<< (...) acceso aos plans anuais de labores do Grupo Mineiro Santa Comba para os anos de 2020, 2021 e 2022, así como aos requerimentos e resolucións que sobre os mesmos dictou esa Administración; e igualmente ás resolucións, requerimentos e oficios emitidos por esa Administración en relación ás solicitudes formuladas por Galicia Tin & Tungsten SL en 21/10/2021 en relación á situación e actividade do Grupo Mineiro Santa Comba.

(...) acceso ás modificacións do plan de restauración de 2011 ou novos plans de restauración que contemplaran estas novas actividades; ou, de non existir, indicación deste extremo.

(...) acceso ao referido expediente sancionador (SEM-M-2021/038). >>

2. O día 14/02/2022 o Servizo de Ordenación e Coordinación da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación remite a solicitude indicada a esta xefatura territorial como órgano tramitador por estar no seu ámbito territorial indicando que se lle asignou o nº de expediente 2022T/00095.

3. O día 07/03/2022 (aceptado o 17/03/2022), de conformidade co artigo 19 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co artigo 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, dáse traslado da solicitude a Galicia Tin & Tungsten, SL como titular da concesión de explotación, concedéndolle o prazo de 15 días para que poida realizar as alegacións que estime oportunas.

4. Así mesmo, mediante escrito da mesma data, infórmase á persoa solicitante do traslado das súa solicitude ao terceiro interesado e de que o prazo de tramitación

queda suspendido ata que se reciban as súas alegacións ou ata que transcorra o prazo concedido para as presentar.

5 [REDACTED] en nome e representación da entidade mercantil Galicia Tin & Tungsten, S.L., mediante un escrito presentado no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia o día 07/04/2022, manifesta a súa oposición á solicitude expoñendo unha serie de alegacións que serán analizadas nas consideracións legais e técnicas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Normativa xeral reguladora do acceso á información

A normativa reguladora do acceso á documentación e información por parte dos cidadáns ven constituída principalmente, pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e pola Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

2. Normativa específica de acceso á información

De conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro, rexeranse pola súa normativa específica e por esta lei con carácter supletorio, aquelas materias que teñan previsto un réxime xurídico específico de acceso á información. Neste senso, a Lei 19/2013, do 9 de decembro, será de aplicación, no non previsto nas súas respectivas normas reguladoras, ao acceso á información ambiental.

En materia ambiental, a Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente constitúe normativa específica.

3. Concepto de información pública

O artigo 24.1 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, recoñece o dereito de acceso á información pública, nos termos previstos na normativa básica de transparencia, entendendo por información pública "*os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da presente lei e que teñan sido elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións*".

4. Límites ao dereito de acceso. Interpretación restritiva

O artigo 25 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, establece que "*o dereito de acceso á información pública só poderá ser limitado ou denegado nos supostos previstos na normativa básica*". Pola súa banda, o artigo 14 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, baixo a rúbrica "*límites ao dereito de acceso*" establece que o dito dereito poderá

ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para, entre outros bens xurídicos e dereitos, os intereses económicos e comerciais, o segredo profesional e a propiedade intelectual e industrial. Non obstante, consonte o artigo 25.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, *"as limitacións deberán ser proporcionadas atendendo ao seu obxecto e finalidade de protección. En todo caso, haberán de interpretarse de maneira restritiva e xustificada, e aplicaranse a menos que un interese público ou privado superior xustifique a divulgación da información"*.

No específico ámbito medioambiental, a Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, pronúnciase en similares termos no seu artigo 13 no que se conteñen as excepcións á obriga de facilitar a información ambiental, indicando no apartado 4 do seu artigo 13 que *"os motivos de denegación mencionados neste artigo deberán interpretarse de maneira restritiva. Para iso, ponderarase en cada caso concreto o interese público atendido coa divulgación dunha información co interese atendido coa súa denegación"*.

5. Análise das solicitudes formuladas por Fundación Montescola

O 04/02/2022 a Fundación Montescola presenta un escrito no que solicita acceso a seguinte documentación en relación ao Grupo Mineiro Santa Comba:

1º. Plans anuais de labores para os anos 2020, 2021 e 2022, requirimentos e resolucións que dictou a Administración sobre eles e requirimentos e oficios emitidos pola Administración en relación ás solicitudes formuladas por Galicia Tin & Tungsten SL en 21/10/2021.

2º. Modificacións do plan de restauración de 2011 ou novos plans de restauración que contemplan estas novas actividades de investigación de Ni-Cu-Co.

3º. Expediente sancionador SEM-M-2021/038.

Sobre a primeira das peticións debemos indicar que a disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información e bo goberno, que regula o acceso á información pública, remite á norma reguladora do procedemento para o acceso a documentos que formen parte dun expediente administrativo en curso. Por tanto, nestes casos debe aplicarse o artigo 53.1.a) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común. Este artigo recoñece o dereito das persoas interesadas a acceder e obter copia dos documentos contidos nos devanditos procedementos.

Dado que a persoa solicitante non ten recoñecida a condición de interesada, segundo o indicado no parágrafo anterior, non procede dar acceso á documentación relativa ao plan de labores do ano 2022 que actualmente está en fase de elaboración e tamén as resolucións, requirimentos e oficios emitidos en relación ás solicitudes formuladas por Galicia Tin & Tungsten, S.L. o 21/10/2021. Polo tanto, de conformidade co indicado no parágrafo anterior, non procede o acceso a esta documentación.

Constan nesta xefatura territorial como expedientes xa finalizados os plans de labores do Grupo Mineiro Santa Comba dos anos 2020 e 2021. Non procede o acceso aos documentos que conteñen datos relativos a resultados de investigacións xeolóxicas que están protexidos polo disposto no artigo 8.2 do Real decreto 2857/1978, de 25 de agosto. Igualmente, exclúiranse os documentos que conteñan datos de categorías especiais de acordo co artigo 9 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, entre os que se inclúen todos aqueles que conteñan datos relativos á saúde dos traballadores da explotación mineira.

Sobre a segunda das solicitudes, os plans de restauración sobre os sondeos de investigación de Ni-Cu-Co están recollidos nos anexos dos plans de labores.

En relación coa terceira das solicitudes, acceso ao expediente sancionador SEM-M-2021/038, debe indicarse que o artigo 14 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, recolle que *"o dereito de acceso poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para: (...) e) a prevención, investigación e sanción de ilícitos penais, administrativos e disciplinarios"*, como sería o caso dun expediente sancionador en tramitación cuxo obxectivo precisamente é determinar se a sociedade titular ou explotadora do dereito mineiro ten algunha responsabilidade administrativa en determinados feitos dos que se tratará de determinar a súa realidade, autoría, alcance e consecuencias xurídicas, polo que dar a coñecer este tipo de información sen que esté concluído o procedemento interferiría neste procedemento sancionador e polo tanto entra no previsto no apartado e) do artigo 14 da Lei 19/2013 para non conceder o acceso a esta información.

Polo explicado procede dar acceso á Fundación Montescola poñendo á súa disposición, para a consulta in situ, os expedientes que constan nesta Xefatura Territorial correspondentes aos plans de labores dos anos 2020 e 2021 e aos plans de restauración sobre os sondeos de investigación de Ni-Cu-Co recollidos nos ditos plans de labores das concesións de explotación que forman o coñecido como Grupo Mineiro Santa Comba.

6. Información de carácter ambiental e información de carácter xeral. Réxime xurídico aplicable a este procedemento.

O artigo 2.3 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, define como información ambiental toda información que "verse" sobre "o estado dos elementos do medio ambiente"; factores tales como sustancias, residuos, vertidos, etc. que afecten ou poidan afectar aos elementos do medio ambiente; medidas e actividades que afecten ou poidan afectar aos elementos ou factores citados; as análises de carácter económico para a toma de decisións relativas a ditas medidas e actividades; informes sobre execución da lexislación medioambiental; así como o estado de saúde e seguridade das persoas cando se vexan ou poidan verse afectados polo estado dos elementos do medio ambiente, ou dos factores, medidas e actividades que lle afecten.

Polo tanto, segundo a definición legal de información ambiental, trátase daquela que directamente se ocupa do estado dos elementos do medio ambiente e da incidencia que en tales elementos ambientais poidan ocasionar outros factores. Expandir ilimitadamente o concepto de información ambiental desde a consideración de que calquera información relativa a toda actividade humana ou económica afecta ao ambiente non é o criterio adoptado pola normativa sobre información ambiental, dado que, en tal caso, bastaría con expresalo así e non sería precisa a exhaustiva acotación de supostos que se inclúen na definición legal de información ambiental.

Así mesmo, segundo o criterio da Comisión de Transparencia de Galicia (CTG) establecido na súa Resolución do 27/05/2021 no expediente nº RSCTG 22/2021, os plans de labores tratase de información de contido ambiental.

Concretamente a antedita resolución da CTG recolle: "(...) *Da documentación solicitada, considerase que o acceso á mesma debe rexerse polo disposto na Lei 19/2013 e Lei 1/2016, agás na información referente ao plan de restauración presentado polo solicitante do permiso de investigación (...) e aos plans de labores mineiros, que ao tratarse de información de contido ambiental, ten na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente, unha regulación de acceso á información específica, que de conformidade co disposto na Disposición Adicional Primeira da Lei 19/2013, debe tramitarse polo seu réxime específico. (...) De acordo co establecido na Resolución da Consellería de Innovación e Industria do 22 de decembro de 2008 (DOG nº 20, do 29 de xaneiro de 2009), pola que se aproba e se fai público o novo modelo do Plan de labores de actividades mineiras, existen numerosas referencias a información medioambiental, tales como información sobre control hidroxeolóxico, drenaxes, balsas e presas de decantación e de residuos, destino de lodos, destino dos lodos, materias primas tratadas, produción de residuos e o seu*

destino, restauración e condicións ambientais impostas, informes de seguimento ambiental anual, entre outros, polo que queda fora do ámbito de competencias desta Comisión, pronunciarse sobre o acceso á información referido aos plans de labores mineiras (...)".

En consecuencia, tendo en conta a configuración xurídica dos dous réximes xurídicos relativos ao acceso á información, un especificamente medioambiental e outro xeral, conclúese que os expedientes correspondentes aos plans de labores e plans de restauración se encadran no ámbito ambiental, sendo de aplicación a Lei 19/2013, do 9 de decembro, no non previsto na súa normativa específica, consonte a disposición adicional primeira da citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 10.1 da Lei 27/2006, do 18 de xullo.

7. Alegacións do terceiro afectado

Galicia Tin & Tungsten, S.L, como titular do "Grupo Mineiro Santa Comba" no seu escrito presentado o 07/04/2022 no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia manifesta a súa oposición á solicitude e efectúa as alegacións que considera oportunas, que se recollen e se analizan a continuación.

Para comezar, compre sinalar que ao longo das alegacións a empresa fai referencia á Instrución 6/2018, do 3 de agosto, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre acceso á información pública en materia de minas, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 157, do 20/08/2018, empregándoa como xustificación dos seus alegatos. Sen embargo, a dita instrución non é mais que un instrumento que pretende sistematizar, homoxeneizar e facilitar a aplicación da normativa existente sobre acceso á información pública a modo de guía operativa de procedemento. En ningún caso se modifica o réxime xurídico vixente de aplicación.

Polo anterior, e pola propia natureza dunha Instrución definida no artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público, como un instrumento dos órganos administrativos para dirixir as actividades dos seus órganos xerarquicamente dependentes, non se van ter en consideración as alusións á Instrución 6/2018, do 3 de agosto, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, realizadas ao longo das alegacións.

De modo mais específico, respecto das alegacións que a continuación se expoñen resumidamente, procede realizar as seguintes consideracións.

PRIMEIRA ALEGACIÓN) "Improcedencia del reconocimiento de la condición de interesada y necesidad de dar traslado para alegaciones a la sociedad denominada TUNGSTEN SAN FINX, SLU, como tercera parte afectada por la pretensión de acceso".

Nesta alegación a empresa manifesta que posto que se solicita o recoñecemento da condición de persoa interesada nos expedientes que afectan ao Grupo Mineiro San Finx, debe darse traslado da solicitude á compañía Tungsten San Finx, SLU como titular deste grupo mineiro e explica as razóns polas que considera que non procede este recoñecemento.

A Fundación Montescola formula nun único escrito diferentes solicitudes. Por unha parte, solicita o acceso aos plan de labores dos anos 2020, 2021 e 2022, ás modificacións do plan de restauración de 2011 e ao expediente SEM-M-2021/038, correspondentes ao Grupo Mineiro Santa Comba. Por outra parte, no apartado cuarto solicita ser recoñecida como parte interesada nos expedientes relativos ao Grupo Mineiro San Finx.

A solicitude de recoñecemento da condición de interesado dará lugar a correspondente acto administrativo pero non é obxecto desta resolución na que unicamente se tratarán as cuestións relativas á solicitude de dereito de acceso, todas relativas ao Grupo Mineiro Santa Comba. Polo tanto, non procede valorar nesta resolucións as consideracións realizadas pola empresa sobre a non procedencia do recoñecemento da condición de interesada.

SEGUNDA ALEGACIÓN) *"Solicitud genérica y abusiva, y por ende inatendible: incumplimiento de los requisitos de identificación y concreción de la información"*

Entende a empresa que non se deben admitir nin atender solicitudes formuladas en termos xenéricos, segundo o disposto no artigo 19 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e na Lei 27/2006, do 18 de xullo. Esta xeneralidade, o alcance omnímodo e o carácter desproporcionado da solicitude deben conducir á denegación e arquivo da solicitude.

O artigo 19.3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 27 da Lei 1/2016, de 1 de xaneiro, con base nos cales se lle deu traslado da solicitude a Galicia Tin & Tungsten, indican que o fin deste trámite é a realización de alegacións por si a información solicitada puidera afectar aos seus dereitos e intereses. A valoración de si a solicitude cumpre ou non os requisitos de admisibilidade é un extremo sobre o que lle corresponde decidir á Administración.

Efectivamente, a solicitude de acceso debe identificar a información que se solicita e estar formulada en termos precisos. Circunstancias que se cumpren no caso da solicitude formulada pola Fundación Montescola, que delimita e concreta especificamente a documentación obxecto de acceso, segundo se indica no antecedente primeiro e na consideración legal e técnica 5.

TERCEIRA ALEGACIÓN) *“Carácter extrapolado de la solicitud, necesidad de ponderación de los intereses concurrentes”.*

Indica nesta alegación que se deben ponderar os dereitos e intereses afectados debido aos caracteres específicos do sector mineiro e respetar a confidencialidade das informacións achegadas polos promotores. Manifesta que o dereito de acceso debe ser proporcionado *“(…)atendendo ao seu obxecto e finalidade de protección. En todo caso, haberán de interpretarse de maneira restritiva e xustificada, e aplicaranse a menos que un interese público ou privado superior xustifique a divulgación da información (...)” e poderán ser limitadas cando supoñan un prexuízo para “(...) os intereses económicos e comerciais, (...) o segredo profesional e a propiedade intelectual e industrial, (...) a garantía de confidencialidade e o segredo requirido en procesos de toma de decisión (...) e a protección do medio ambiente (...)”.*

O artigo 25 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia e o artigo 14 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno refírense aos límites do dereito de acceso, que son precisamente os que se sinalan no final da alegación, pero para alegar a existencia de información que deba ser protexida por segredo profesional e propiedade intelectual e industrial deberían identificarse concretamente os datos (palabras, liñas ou parágrafos) dignos de protección, non estenderse esta protección a documentos completos nos que existen outro tipo de datos e informacións que non deben extraerse do acceso público. Así, a Lei 19/2013, do 9 de decembro, refírese en todo momento á disociación de datos, de maneira que se dea acceso o documento solicitado salvagardando os datos concretos que deban ser protexidos, permitindo a concesión parcial do acceso.

Todo a anterior, sen prexuízo da disociación de datos de carácter persoal ou protexido nos documentos aos que se permite o acceso.

8. Taxas administrativas

O artigo 22.4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, dispón que o acceso á información pública será gratuíta, non obstante a expedición de copias ou a transposición da información dun formato diferente ao orixinal poderá dar lugar a exixencia de exaccións nos termos previstos na Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, ou, no seu caso, consonte a normativa autonómica ou local que resulte aplicable.

9. Condicións do acceso

Recoñécese o dereito de acceso *strictu senso* da fundación solicitante aos expedientes que constan nesta Xefatura Territorial correspondentes ao plan de labores dos anos 2020 e 2021 e aos plans de restauración sobre os sondeos de investigación de Ni-Cu-Co recollidos nos ditos plans de labores das concesións de explotación que forman o coñecido como Grupo Mineiro Santa Comba, en canto dereito a consultala *in situ*. En todo caso, o dereito de acceso exercerase consonte ás seguintes condicións, que atenden á protección de dereitos e intereses concorrentes:

- Durante a comparecencia para o acceso estará presente un funcionario, ao que corresponderá a custodia da documentación e a organización e ordenación do acceso á información e que proporcionará asesoramento á comparecente se así o demanda.

- Co obxecto de ordenar o acceso e facilitar a organización, a solicitante deberá comunicar con tres días de antelación a súa intención de acudir á Xefatura Territorial mediante correo electrónico ao enderezo seccion.minas.coruna@xunta.gal.

- Da documentación que se compile excluíranse os documentos que conteñan datos de categorías especiais de acordo co artigo 9 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, entre os que se inclúen todos aqueles que conteñan datos relativos á saúde dos traballadores da explotación mineira.

- En todo caso, excluíranse do acceso os documentos que conteñan datos aos que afecte o deber de segredo, de acordo co artigo 8 do Real Decreto 2857/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral para o réxime da minería, é dicir, información que se deduza dos resultados das investigacións xeolóxicas obtida como consecuencia de actividades reguladas pola Lei de Minas.

- Excluíranse tamén aqueles documentos que, nunha primeira valoración polo órgano administrativo, puideran verse afectados de maneira evidente por algún dos límites de acceso á información establecidos no artigo 14 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

- Informarase, en todo caso, á comparecente dos documentos excluídos e do seu motivo.

Todo o anterior enténdese sen prexuízo da posibilidade que ostenta a solicitante de presentar, en calquera momento, unha petición de copia de documentación

concreta a cal se tramitará de conformidade coa normativa sobre acceso á información que resulte aplicable.

10. Competencia

Segundo dispón o artigo 27.3 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a competencia para a resolución das solicitudes de acceso, no caso da Administración xeral da Comunidade Autónoma, corresponderá á persoa titular da secretaría xeral, da secretaría xeral técnica, da dirección xeral ou da delegación territorial.

Mediante resolución do 17 de marzo de 2022 da directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais (DOG 25.03.2022), delegouse nas persoas titulares das xefaturas territoriais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación a tramitación e resolución das solicitudes de acceso a información no ámbito das ditas xefaturas

Por todo canto antecede, **RESOLVO**

Logo da disociación dos datos de carácter persoal aos que fai referencia a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais:

1. Permitir o acceso aos expedientes que constan nesta Xefatura Territorial correspondentes aos plans de labores relativos ás explotacións integrantes do Grupo Mineiro Santa Comba dos anos 2020 e 2021 e aos plans de restauración sobre os sondeos de investigación de Ni-Cu-Co recollidos nos ditos plans de labores, en aplicación da Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.
2. Non permitir o acceso á solicitante ao plan de labores do ano 2022 relativo ás explotacións integrantes do Grupo Mineiro Santa Comba nin ás resolucións, requirimentos e oficios emitidos en relación ás solicitudes formuladas por Galicia Tin & Tungsten, S.L. o 21/10/2021 ao abeiro da disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, polas razóns expostas na consideración legal e técnica 5.
3. Non permitir o acceso á solicitante ao procedemento sancionador SEM *M-2021/038*, en fase de tramitación, ao abeiro do artigo 14 e) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, polas razóns expostas na consideración legal e técnica 5.

Os dereitos de acceso exerceranse consonte as condicións establecidas na consideración legal e técnica 9.

Dada a oposición de terceiros, o acceso á información non terá lugar ata que transcorra o prazo que sinala o artigo 22.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Con respecto ao acceso que ten que ver con información sometida ao réxime xeral de acceso, previsto na Lei 19/2013, esta resolución pon fin á vía administrativa, polo que cabe interpoñer, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, recurso contencioso-administrativo, de acordo co previsto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, ou previa, e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte a súa notificación, de conformidade co artigo 28 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

Con respecto ao acceso que ten que ver coa información ambiental, esta resolución non pon fin á vía administrativa, e cabe interpoñer, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte a súa notificación, recurso administrativo de acordo coa Lei 27/2006, de 18 de xullo, por la que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente ou calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Notifíquese aos interesados esta resolución, segundo o esixido polo artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A Coruña, na data indicada na sinatura dixital

A directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

PD (Resolución do 17 de marzo de 2022)(DOG 25/03/2022)

O xefe territorial

Isidoro Martínez Arca